REUNIÓN DA COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
08 MAI. 2017
Núm. 2579

Por acordo da Mesa da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do 5 de maio de 2017 envíase modificación da orde do día da Comisión prevista para o próximo día 12 de maio de 2017, ás 10:30 hs., nos seguintes termos:

Punto único: Preguntas orais en Comisión

1.1 2770 (10/POC-000394)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre os mecanismos de control na evolución dos prezos do combustible
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017

1.2 5453 (10/POC-000944)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a actuación que está a levar cabo o Goberno galego en relación coa promoción da vila de Cambados como Cidade Europea do Viño 2017, e as súas previsións respecto do establecemento dalgunha liña de apoio institucional e económico para o desenvolvemento das actividades programadas con motivo desa distinción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017

1.3 5463 (10/POC-000947)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa potencialidade da enerxía fotovoltaica de Galicia, a existencia dun marco acaído para o seu desenvolvemento, así como a posible afección nela do límite de horas mínimo reflectido na proposta de orde do Goberno central pola que se regula o procedemento de asignación do réxime retributivo específico na convocatoria para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017

1.4 7164 (10/POC-001246)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre o proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre Abegondo e Eirís, na Coruña, e unha nova subestación en Abegondo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

1.5 7377 (10/POC-001280)

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
08 MAI. 2017
Núm. 2579

Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre os datos referidos á participación dos traballadores fixos do cadro de persoal de Navantia-Fene na construción dos "jackets" contratados por Iberdrola para o parque eólico mariño alemán que está a promover no mar Báltico, o importe que está a pagar Windar polo uso das instalacións e a ocupación de terreos no estaleiro e as funcións concretas que está a levar a cabo este no desenvolvemento do contrato
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

1.6 8023 (10/POC-001393)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan os indicadores de impulso á I+D+i, as medidas adoptadas ou previstas para frear a desaparición de empresas innovadoras e as razóns do descenso do esforzo investidor en I+D nos últimos anos, así como a modificación das políticas seguidas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 08/05/2017 13:55:12

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.05.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 2770(10/POC-000394)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os mecanismos de control na evolución dos prezos do combustible

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 12:33
Nº Rexistro: 2770
Data envio: 30/12/2016 12:33:10.223

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e **José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A pesares da intensa actividade do "Departamento de Publicidade e Propaganda" da Xunta de Galicia en relación coa súa actividade incansable para vixiar os incrementos do prezo de combustible en Galicia, os resultados teñen sido moi escasos.

Dende que comezou a caída do prezo de petróleo, os socialistas vimos denunciando sistematicamente as estratexias empresariais que prexudican os intereses, tanto dos cidadáns e das cidadás, como do propio tecido económico do país, xa que o prezo dos combustibles, e polo tanto do transporte por estrada é un elemento moi importante.

Agora, que todo parece indicar que o prezo do petróleo vai a repuntar, todos os indicios mostran que esta subida vai a ser trasladada con gran intensidade aos consumidores finais. De feito, vimos asistindo dende hai anos a unha estratexia das empresas comercializadoras de combustibles derivados do petróleo que impide que a diminución do prezo do cru se trasladen aos consumidores e consumidoras, tanto familias como empresas, pero incentiva que os incrementos se trasladen con celeridade.

O Goberno galego sinalou, xa nos primeiros momentos en que o petróleo comezaba o seu descenso, accións intensas dende o ámbito de protección ás persoas consumidoras. O certo é que mentres o petróleo baixou, este descenso trasladouse moi lentamente aos prezos aos consumidores e consumidoras.

Pero o incremento actual do prezo do petróleo, a ponte de decembro e as vésperas de vacacións de Nadal, así como a mera previsión dun incremento do consumo de combustible fai que o seu prezo comece a subir con forza, no último mes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 12:33
Nº Rexistro: 2770
Data envio: 30/12/2016 12:33:10.223

As posicións políticas do Goberno de Madrid non axudan. O propio ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, Álvaro Nadal, advertiu sobre o impacto que tería o encarecemento do petróleo sobre a factura da gasolineira, e os órganos de control da competencia continúan enfrascados en incomprensibles loitas de poder que diminúen a súa eficacia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia dos efectos que ten sobre os gastos de familias e empresas o rápido e intenso traslado aos prezos dos combustibles da subida do prezo do petróleo?

2. Vistos os resultados producidos, ten pensado establecer a Xunta de Galicia algún novo mecanismo de control na evolución dos prezos do combustibles?

3. Se é así, cales son as orientacións principais?

4. Tendo en conta a subida dos prezos que se está a producir, van a perfeccionar os mecanismos de control e defensa dos consumidores?

5. Si é así, en que sentido?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 12:33
Nº Rexistro: 2770
Data envio: 30/12/2016 12:33:10.223

Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/12/2016 12:28:27

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/12/2016 12:28:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.05.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 5453(10/POC-000944)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a actuación que está a levar cabo o Goberno galego en relación coa promoción da vila de Cambados como Cidade Europea do Viño 2017, e as súas previsións respecto do establecemento dalgunha liña de apoio institucional e económico para o desenvolvemento das actividades programadas con motivo desa distinción

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5453
Data envio: 21/02/2017 14:11:02.889

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco e **Abel Losada Alvarez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O 4 de novembro de 2016 a vila de Cambados foi elixida Cidade Europea do Viño 2017, na xuntanza da Rede Europea de Cidades do Viño (RECEVIN) en Palmela (Portugal), recollendo a testemuña da vila italiana de Conegliano. Esta distinción permitirá á vila cambadesa celebrar múltiples actividades ao longo deste 2017 e promocionarse turisticamente de xeito destacado.

Cambados ten na súa promoción turística asociada ao viño albariño unha das súas fontes de ingresos económicos máis potentes, sendo as festas do Albariño, que teñen a súa semana grande nos inicios de agosto, o punto álxido. A relevancia que vinculación de Cambados co viño vén adquirindo progresivamente outorga maior importancia ao nomeamento da vila como Cidade Europea do Viño 2017, e permite abrir moitas opcións de promoción que, cunha axeitada colaboración entre institucións, aportará a Cambados un impulso moi destacado.

O nomeamento recibido debera servir para promocionar á vila xa coñecida como "vila do albariño" dentro do sector etnolóxico, e a aproveitar as posibilidades para que as distintas administracións teñan proxectos comúns que aposten por un impacto turístico, en definitiva económico, para Cambados. A pesares disto, o Goberno municipal está a atopar atrancos na súa relación coa Xunta de Galicia e o apoio que debera recibir da Administración autonómica. A pesares de ter solicitado xuntanzas dos membros do Goberno con persoas da Administración de turismo, non houbo aínda nin sequera resposta ás solicitudes. Cambados está a desenvolver varios proxectos de promoción exterior da súa imaxe e da distinción, sen que ningún deles reciba colaboración administrativa, técnica ou económica por parte da Xunta de Galicia. De maneira destacada, o recoñecemento como Cidade Europea do Viño 2017 foi presentado na recente feira de Fitur en Madrid, no pasado mes de xaneiro. Dentro das

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5453
Data envio: 21/02/2017 14:11:02.889

distintas actividades de promoción deste galardón, e da propia vila de Cambados, desenvolveuse un acto no stand habilitado de TurEspaña. Nesa presentación dos representantes municipais houbo representación tamén doutros concellos, da Deputación de Pontevedra e do Goberno de España a través de membros de distintos ministerios. Non entanto, ningunha persoa representante do Goberno galego e a administración da Xunta de Galicia estivo nin nese importante e relevante acto que os representantes do Goberno municipal de Cambados realizaron con motivo da súa promoción. O mesmo ocorreu na recollida do galardón que os membros do Goberno municipal en Bruxelas o pasado 8 de febreiro, e que foi simbolicamente o inicio da promoción das actividades.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno de Galicia aceptable o desatendemento á vila de Cambados non respondendo as solicitudes de xuntanzas e non acompañando as presentacións nacionais e internacionais que se realizan?

2. Cree o Goberno galego que é aceptable que non exista representación da Xunta de Galicia nos actos de promoción de Cambados como Cidade Europea do Viño 2017?

3. Ten previsto a Xunta de Galicia algunha liña de apoio institucional e económico para desenvolver as actividades previstas con motivo da distinción de Cambados?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Alvarez
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 5453
Data envio: 21/02/2017 14:11:02.889

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Julio Torrado Quintela na data 21/02/2017 14:05:06

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/02/2017 14:05:13

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/02/2017 14:05:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.05.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 5463(10/POC-000947)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa potencialidade da enerxía fotovoltaica de Galicia, a existencia dun marco acaído para o seu desenvolvemento, así como a posible afección nela do límite de horas mínimo reflectido na proposta de orde do Goberno central pola que se regula o procedemento de asignación do réxime retributivo específico na convocatoria para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 16:31
Nº Rexistro: 5463
Data envio: 21/02/2017 16:31:33.139

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á orde que regula novas instalación de produción eléctrica fotovoltaica.

O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital está a traballar nunha proposta de orde pola que se regula o procedemento de asignación do réxime retributivo específico na convocatoria para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partires de fontes de enerxía renovábeis.

Na versión do 29 de decembro de 2016 desta proposta, no Anexo da mesma, e en concreto no apartado 1.1., contémplanse os parámetros retributivos das instalacións tipo de referencia con autorización de explotación definitiva nos anos 2017, 2018, 2019 que serán de aplicación no semiperíodo regulatorio que comeza o 1 de xaneiro de 2017.

No relativo ao número de horas equivalentes de funcionamento mínimo anual, a proposta contempla 2.367 horas para a enerxía fotovoltaica. Doutra banda, o Instituto Xeográfico “Nacional”, dependente do goberno de España, amosa que a insolación anula, que é un valor que se obtén a partires do número de horas de sol rexistradas ao longo do ano, cuantifica as de Galiza nuns valores entre 1.600 e 2.000 horas.

Por isto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 16:31
Nº Rexistro: 5463
Data envio: 21/02/2017 16:31:33.139

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é a valoración da Xunta de Galiza sobre as potencialidades da enerxía fotovoltaica en Galiza?

-Considera a Xunta de Galiza que a enerxía fotovoltaica ten en Galiza o marco acaído para o seu desenvolvemento?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza sobre a posíbel afectación á fotovoltaica galega deste límite de horas mínimo contemplado na citada proposta?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2017 16:29:57

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2017 16:30:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2017 16:31
Nº Rexistro: 5463
Data envio: 21/02/2017 16:31:33.139

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2017 16:30:06

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2017 16:30:10

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2017 16:30:12

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2017 16:30:15

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.05.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 7164(10/POC-001246)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre o proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre Abegondo e Eirís, na Coruña, e unha nova subestación en Abegondo

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 16:51
Nº Rexistro: 7164
Data envio: 28/03/2017 16:51:51.919

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea,** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o súa resposta oral na Comisión 6ª, **relativa á proxectada liña de alta tensión Abegondo-Eirís e a nova subestación de Abegondo.**

En outubro de 2015, o Consello de Ministros aprobou o plan polo que Red Eléctrica de España (REE) comezou co proxecto para a construción dunha liña de alta tensión en dobre circuíto de 220 kV que cruzará boa parte da comarca das Mariñas. Pasará por Cerceda, Carral, Culleredo e Arteixo ata chegar á Coruña; Sairá de Abegondo, onde na parroquia de Folgoso prevese unha subestación 400 kV/220 kV de entre 4 e 8 hectáreas que podería ser ampliada no futuro.

A liña está incluída no Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte de Enerxía Eléctrica 2015-2020, publicada o 23 de outubro de 2015 IET/2209/2015, despois do tramite regulamentario establecido no Art. 4.2 da Lei 24/2013 do Sector Eléctrico.

Este trámite ten catro pasos:

a) Proposta de REE con modificacións do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e alegacións dos CC.AA.
b) Informe da CNMC
c) Congreso dos Deputados (para información)
d) Aprobación en Consello de Ministros

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 16:51
Nº Rexistro: 7164
Data envio: 28/03/2017 16:51:51.919

Os pasos b), c) e d) tiveron lugar o: 16/04/2015, 29/09/2015 e 21/10/2015 respectivamente.

A construción da liña é unha actuación aprobada hai ano e medio, e no caso da Xunta de Galicia coñecida desde decembro de 2014, cando, segundo a CNMC, se iniciou o período de alegacións das CC.AA.

Segundo o Informe da CNMC a Xunta de Galicia non realizou, sorprendentemente, ningunha alegación en relación coa liña nin a nova subestación de Abegondo á que irá conectada.

Trátase dunha liña non incluída no Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte 2008-2016 (e por iso non afectada pola moratoria do RDL 13/2012.) que por tanto se incluíu no Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte elaborado a partir de 2012.

A motivación para a construción da liña, que aparece no Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte 2015-2020, é a Seguridade de Subministración e para evitar cortes de subministración zonais e locais.

Características da intervención na rede de AT.

Trátase dunha liña con dous circuítos a 220 kV e unha lonxitude de 29 km (variable segundo as alternativas a definir) de liña aérea e 12 km de cable subterráneo, entre a subestación de Eiris 220 kV e unha nova subestación a construír en Abegondo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 16:51
Nº Rexistro: 7164
Data envio: 28/03/2017 16:51:51.919

Conxuntamente coa liña Eiris-Abegondo, o Plan tamén inclúe a construción dunha nova subestación de 400 kV/220 kV en Abegondo con entrada saída da liña de 400 kV : Mesón do Vento- As Pontes xa existente.

A motivación, alegada de maneira escasamente argumentada, para a nova subestación e as liñas é tamén a Seguridade de Subministración na zona de A Coruña.

No mapa adxunto pódese observar que a liña e a proxectada subestación de Abegondo independizan a subministración da Coruña e comarca dun fallo grave na Subestación de Mesón do Vento 220 kV. Pero sería necesaria moita máis información sobre outras causas que de momento non foron explicitadas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 16:51
Nº Rexistro: 7164
Data envio: 28/03/2017 16:51:51.919

Non hai información dispoñible do detalle da avaliación realizada por parte de REE.

A data prevista de posta en servizo da Subestación de Abegondo e a Liña Abegondo-Eiris é 2019.

Na fase primixenia de avaliación ambiental, municipios e institucións emitiron os seus informes, todo previo ao posterior estudo de impacto ambiental, aínda sen elaborar. Os concellos afectados coincidiron en advertir da falta de información, ademais de censurar uns trazados que afectarían ao Monte Xalo, camiños históricos, castros ou petróglifos.

Aínda que hai tres posibles vías por onde pasaría a liña, hai unha que semella a preferida para REE. Tería uns 32 quilómetros de lonxitude e con piares cada 500 metros.

A idea é que a liña de alta tensión atravese moitas zonas rurais que se poderían ver prexudicadas, así como terreos dun elevado valor paisaxístico e ambiental, hábitats protexidos e áreas incluídas na reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Como calquera liña destas características, o cableado require dunha distancia de afección do entorno dos 40 metros, mentres que as obras para postes e instalacións esixirán a actuación de maquinaria pesada e o tronzado de árbores.

Algúns expertos advirten que "o desenvolvemento desta subestación de Abegondo, ademais de asegurar o servizo a zonas urbanas e industriais da zona da Coruña, tamén forman parte das infraestruturas necesarias para garantir a exportación de enerxía e, polo tanto, non só para cubrir as necesidades propias de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 16:51
Nº Rexistro: 7164
Data envio: 28/03/2017 16:51:51.919

Galicia". Neste suposto, habería "utilidade pública", pero tamén "utilidade de negocio das compañías produtoras de electricidade"

"A clave podería estar na actuación proxectada entre Dumbría-Mesón do Vento para dar saída á produción eólica da Costa da Morte e a hidroeléctrica de Ferroatlántica e así poder evacuar máis electricidade". "A subestación de Abegondo podería ser destinada, ademais dos usos expostos por REE, para aliviar a carga da estación de Mesón, que podería ter que soportar a saída cara a Portugal, xunto a outras actuacións que se están planificando no sur de Galicia."

Ante a falta de información suficiente sobre a utilidade pública das actuacións de REE expostas e sobre o estado do expediente de impacto ambiental, **En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral en Comisión:**

1.- Como participante no proceso de planificación da Rede de Transporte de AT, dispón a Xunta de Galicia da avaliación detallada realizada por REE para concluír a necesidade da liña e a súa utilidade pública?

2.- Solicitou a Xunta de Galicia, considerando a sensibilidade ambiental da traza da liña Abegondo-Eiris e a propia subestación de Abegondo, a posibilidade de aproveitar as trazas existentes de liñas de 132 kV que poderían ser repotenciadas a 220 kV?

3.- En que fase se atopa o expediente de impacto ambiental?

4.- Están a ser tidas en conta as alegacións ao expediente de impacto ambiental realizadas por concellos e plataformas cidadás?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 16:51
Nº Rexistro: 7164
Data envio: 28/03/2017 16:51:51.919

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/03/2017 16:50:29

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.05.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 7377(10/POC-001280)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre os datos referidos á participación dos traballadores fixos do cadro de persoal de Navantia-Fene na construción dos "jackets" contratados por Iberdrola para o parque eólico mariño alemán que está a promover no mar Báltico, o importe que está a pagar Windar polo uso das instalacións e a ocupación de terreos no estaleiro e as funcións concretas que está a levar a cabo este no desenvolvemento do contrato

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 17:10
Nº Rexistro: 7377
Data envio: 30/03/2017 17:10:23.034

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 6.ª**, relativa á participación dos traballadores fixos de plantilla de Navantia-Fene no contrato de Jackets firmado con Iberdrola.**

O pasado mes de setembro Iberdrola adxudicou a Navantia e Windar un contrato de case 150 millóns de euros para o parque eólico mariño East Anglia One.

A Xunta de Galicia vendeu este contrato e toda a actividade eólica off-Shore como estratéxica para o futuro de Navantia e fundamentalmente para Navantia-Fene, desentendéndose de esixir á compañía pública e á súa propietaria a SEPI a concreción dun plan industrial e comercial fundamentado e con investimentos constatables para desenvolver a que debería ser a actividade principal do estaleiro e para a que ten unha gran potencialidade tecnolóxica e de persoal moi experimentado, a construción de barcos.

Os Jackets construiranse no estaleiro de Navantia-Fene, mentres que Windar, nas súas instalacións de Avilés, encargarase de fabricar os pilotes. A carga de traballo asociada a este contrato é dun millón de horas de traballo que se traducirán nun emprego medio de 600 persoas.

Estímase que a fabricación dos jackets poida comezar en xullo de 2017 coa finalidade de poder entregalos entre os meses de marzo e outubro de 2018.

Para poder acceder ao contrato a alianza entre Windar e Navantia tivo que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 17:10
Nº Rexistro: 7377
Data envio: 30/03/2017 17:10:23.034

achegar un aval de 28 M€ totalmente subscrito por Navantia. Todo parece indicar que as garantías ofréceas Navantia e a SEPI (o Estado) e o groso do negocio lévao Windar.

No anterior pedido de Jackets, construídos tamén en asociación con Windar, os sindicatos de Navantia denunciaron que a implicación de persoal fixo da compañía foi mínimo e reduciuse fundamentalmente a traballos de loxística e transporte. Resumindo que o contrato se fundamentaba principalmente en alugar instalacións e persoal de apoio.

Todo o I+D+i ligado a esta actividade de construción de soportes off-shore é desenvolvido e queda en propiedade de Windar sen realizarse a lóxica transferencia tecnolóxica entre socios dun proxecto que puidese supor un valor de futuro para Navantia.

En concreto referímonos a:

- Desenvolvemento de aceiros especiais.
- Materiais para contornas de alta salinidade.
- Combinacións de aceiros con materiais non metálicos.

Por outra banda coñecemos que Windar instalou en terreos de Navantia-Fene novos equipamentos de última tecnoloxía conservando a propiedade sobre os mesmos sen compartila con Navantia. Un exemplo é un Rodete para curvar chapa de ata 100 mm de espesor. Iso redunda en que a Windar o que lle interesa realmente de Navantia é que achegue localización, instalacións sen tecnoloxía e, sobre todo, garantías en forma de avais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 17:10
Nº Rexistro: 7377
Data envio: 30/03/2017 17:10:23.034

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante a falta de información suficiente do impacto sobre o emprego do contrato mencionado da empresa pública Navantia, **En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

1.- Que porcentaxe de participación de traballadores fixos de Navantia, a xornada completa, se empregaran sobre o total de 600 que supón o contrato, e entre que especialidades se dividen: técnicos superiores e enxeñeiros; técnicos especialistas en soldadura, plegado, etc.; persoal técnico auxiliar; gruístas; etc.?

2.- Coñece a Xunta de Galicia o importe que paga Windar polo uso das instalacións e a ocupación de terreos en Navantia-Fene.

3.- Coñece a Xunta de Galicia as funcións concretas que desempeña Navantia-Ferrol no desenvolvemento do contrato dos Jackets?

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 30/03/2017 17:10:02

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 12.05.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 8023(10/POC-001393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presentan os indicadores de impulso á I+D+i, as medidas adoptadas ou previstas para frear a desaparición de empresas innovadoras e as razóns do descenso do esforzo investidor en I+D nos últimos anos, así como a modificación das políticas seguidas ao respecto

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 13:06
Nº Rexistro: 8023
Data envio: 18/04/2017 13:06:39.272

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á política de investigación, desenvolvemento e innovación levada a cabo polo goberno galego e as previsións de corrección ao respecto.

Para avanzar no desenvolvemento do noso país é fundamental apostar pola reorientación dos nosos sectores produtivos. Faise necesario, xa que logo, reforzar a economía produtiva aumentando o contido en coñecemento das súas actividades e reforzando a especialización mediante a creación e dotación dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios. Galiza precisa dunha aposta estratéxica para avanzar cara un modelo produtivo baseado na innovación e na investigación, polo que polo tanto a Administración debería centrar os seus esforzos neste campo. Porén, a política de recortes sistemáticos que veu aplicando o goberno do Partido Popular nos últimos anos sitúanos cada vez máis lonxe dos niveis do Estado español e da Unión Europea nesta materia, e deixa a Galiza nunha posición peor á do inicio da crise, tal e como confirman sucesivos indicadores relativos á evolución do I+D+i.

Diferentes documentos emanados do goberno galego, como o Plan estratéxico 2015-2020, falan repetidamente da busca dun novo modelo de crecemento que terá como puntos fortes a innovación e o coñecemento. Porén, os datos amósannos como esas palabras quedan baleiras de contido á hora de contrastar a teoría coa práctica do goberno. Por exemplo, segundo os últimos datos de 2015 observamos como nun

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 13:06
Nº Rexistro: 8023
Data envio: 18/04/2017 13:06:39.272

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contexto de suposta recuperación económica onde atopamos datos macroeconómicos con datos positivos como a evolución do PIB, pola contra os principais indicadores de impulso á I+D, descenden claramente.

As empresas con actividades innovadoras descenden en 129 con respecto ao 2014, o que supón un descenso do 15,3% nun so ano. Ademais, este dato contrasta coa evolución do conxunto do estado que se mantivo estábel. O mesmo sucede con outros indicadores chave como por exemplo os referidos á intensidade da innovación, que amosa que se no período 2014-2015 descendeu no Estado un 2,3%, na Galiza fíxoo nun 11,6%. Tamén resultan reveladores os datos referidos ao número de empresas tecnoloxicamente innovadoras, que no conxunto do Estado descenden nun 1,3% e na Galiza en máis do duplo, até un 5,3%.

Neste contexto, a resposta por parte do goberno galego resulta absolutamente insuficiente para reverter a tendencia e apostar nun cambio de modelo que pivote arredor do coñecemento, polo que se fai necesario corrixir a política de investigación, desenvolvemento e innovación levada a cabo polo goberno galego.

Por todo isto, formulamos as seguintes cuestións para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

1.Que valoración realiza a Xunta de Galiza da evolución dos indicadores referidos? Que medidas a curto e medio prazo está tomando ou vai tomar o goberno galego para frear a desaparición de empresas innovadoras?

2. Que motivou o descenso do esforzo investidor en I+D desde a chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 13:06
Nº Rexistro: 8023
Data envio: 18/04/2017 13:06:39.272

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.Ten pensado a Xunta de Galiza mudar as súas políticas para corrixir a negativa evolución do I+D+i en Galiza e a postar nun cambio de modelo produtivo?

4. Vai continuar o goberno galego aplicando estancando o esforzo investidor en políticas de I+D+i?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2017 13:05:42

Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2017 13:05:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/04/2017 13:05:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 13:06
Nº Rexistro: 8023
Data envio: 18/04/2017 13:06:39.272

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2017 13:05:54

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2017 13:05:55

Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2017 13:05:58